



APE GALICIA – NOVAS

- COORDENADAS: PASADO, PRESENTE Y FUTURO DE LA MODA ESPAÑOLA
- ENCONTRO DE SOBER
- INCUBADORA EMPRESARIAL AEPA OURENSE
- COMIDA DE CONFRATERNIDAD SAN JOSÉ 2025 - COITIVIGO
- PREMIOS ARDÁN Á EXCELENCIA EMPRESARIAL 2025
- ATRA CELEBRA A SÚA ASEMBLEA XERAL E RENOVA A SÚA XUNTA DIRECTIVA



APE GALICIA - NOVAS

COORDENADAS: PASADO, PRESENTE Y FUTURO DE LA MODA ESPAÑOLA

O presidente de APE Galicia, José Ramón Cadas, asistiu ao acto de presentación do documental "*Coordenadas: pasado, presente e futuro da moda española*", unha iniciativa impulsada polo medio especializado Modaes con motivo do seu 15º aniversario.

Este documental ofrece unha visión global do sector da moda en España, que representa o 2,8 % do PIB, xera o 8,2 % das exportacións nacionais e emprega de forma directa a máis de 130.000 persoas, cunha facturación anual de 15.000 millóns de euros. A pesar da súa relevancia económica e proxección internacional, segue sendo un sector pouco recoñecido dentro do propio país.

"*Coordenadas*" recolle os testemuños de 25 figuras clave do ámbito empresarial e académico da moda, entre eles representantes de marcas como Adolfo Domínguez, Roberto Verino, Desigual, Tendam, Nude Project, Munich, así como deseñadores icónicos como Ágatha Ruiz de la Prada, expertos do IESE e sociólogos como Pedro Mansilla.

A asistencia de José Ramón Cadas a este evento reforza o compromiso de APE Galicia coa visibilización e fortalecemento de sectores estratéxicos para a economía galega e nacional.

ENCANTRO DE SOBER

O pasado 8 e 9 de maio, o presidente de APE Galicia, José Ramón Cadas, participou no Encontro de Sober. Diálogos rural-industria, celebrado en Lugo e organizado por CESUGA. O foro reuniu a máis de 40 expertos para debater

sobre o futuro do rural galego e a súa conexión coa industria.

Na xornada destacou o potencial do rural en sectores como o lácteo, forestal, vitivinícola e agroalimentario, así como a necesidade de completar a cadea de valor en Galicia. A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, lembrou que o 95 % do territorio galego é rural e puxo en valor o seu papel económico e social.

As diferentes mesas de debate abordaron temas como o activismo rural, a economía circular e a importancia de atraer talento para facer fronte ao relevo xeracional.

A presenza de APE Galicia neste encontro reafirma o seu compromiso co desenvolvemento sostible e o impulso do emprendemento no rural galego.

INCUBADORA EMPRESARIAL AEPA OURENSE

A Asociación Empresarial Provincial de Autónomos de Ourense (AEPA Ourense), en colaboración con El Club del Emprendimiento, puxo en marcha unha nova incubadora empresarial co obxectivo de reforzar o ecosistema emprendedor, fomentar o autoemprego e contribuir á fixación de poboación, especialmente no ámbito rural.

O proxecto ofrece acompañamento personalizado a persoas autónomas e emprendedoras no desenvolvemento e consolidación dos seus negocios, tanto na posta en marcha como no crecemento dos mesmos. Ademais, busca atraer talento doutras zonas para que se instalen en Ourense e desenvolvan aquí a súa actividade emprendedora.



Ao acto de presentación, celebrado o pasado 13 de maio, asistiu o presidente de APE Galicia,

José Ramón Cadas, quen destacou a importancia deste tipo de iniciativas para dinamizar o tecido económico local e apoiar o emprendemento como motor de desenvolvemento sostible na provincia.

COMIDA DE CONFRATERNIDAD SAN JOSÉ 2025 - COITIVIGO

O pasado 17 de maio despois de tanto tempo sen poder celebrala, os enxeñeiros técnicos industriais da Coruña e Ferrol, integrados en Coeticor, decidiron non agardar sequera ao día do seu patrón, San Xosé, e reuníronse na Finca Montesqueiro para recuperar a súa tradicional xuntanza.

O acto serviu para facer entrega das insignias de prata e ouro a 58 profesionais, en recoñecemento aos seus 25 e 50 anos de traxectoria profesional. Tamén se entregaron dous dos tres recoñecementos ao mérito colexial deste ano: un para José Losada Rodríguez e outro para Lucía Bouza Chao.

Ao evento asistiu o presidente de APE Galicia, José Ramón Cadas, quen quixo acompañar aos profesionais homenaxeados e poñer en valor o labor do colectivo na evolución da industria e o desenvolvemento económico de Galicia.



PREMIOS ARDÁN Á EXCELENCIA EMPRESARIAL 2025

O pasado 22 de maio APE Galicia estivo presente na sexta edición dos Premios Ardán á Excelencia Empresarial, organizados polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, que se celebrou no Auditorio Mar de Vigo baixo o lema «Liderar, inspirar, deixar pegada». O evento congregou a preto de 500 asistentes entre

empresarios, autoridades e representantes institucionais de toda Galicia.

En representación de APE Galicia acudiu o seu presidente, José Ramón Caldas, quen destacou a importancia deste tipo de recoñecementos para poñer en valor o esforzo, a innovación e a competitividade do tecido empresarial galego.

Durante a gala, entregáronse premios a sete empresas que destacan por indicadores como produtividade, rendemento, igualdade de xénero, internacionalización ou sustentabilidade. A empresa Roeirasa, con sede en Vigo, foi a gran protagonista ao acadar seis distincións. O Premio Especial á Traxectoria Empresarial recaeu na compañía Stellantis España, pola súa contribución histórica ao desenvolvemento industrial da área de Vigo.

O acto estivo conducido pola actriz Alejandra Martínez de Miguel e contou coas intervencións do delegado do Estado no Consorcio, David Regades, e do alcalde de Vigo e presidente do Consorcio, Abel Caballero, quen puxeron en valor o talento, a innovación e a capacidade transformadora das empresas galegas.

Dende APE Galicia felicitamos a todas as empresas recoñecidas e reiteramos o noso compromiso de apoio ao emprendemento e á excelencia empresarial en toda Galicia.



ATRA CELEBRA A SÚA ASEMBLEA XERAL E RENOVA A SÚA XUNTA DIRECTIVA

O pasado 24 de maio, ATRA celebrou as súas Asembleas Xeral Ordinaria e Extraordinaria no Hotel Balneario de Mondariz, contando cunha excelente participación dos seus asociados.

Este evento tivo un carácter moi especial, xa que marcou o peche da etapa de Enrique Fontán como presidente de ATRA, cargo que desempeñou durante os últimos 18 anos e que anteriormente exerceu en Cetraa. A despedida foi moi emotiva, coa presenza tanto dos membros actuais da Xunta Directiva como de antigos directivos dos últimos anos.

Durante a Asemblea Ordinaria abordáronse temas fundamentais para o futuro do sector da posvenda, mentres que na Asemblea Extraordinaria renováronse os cargos de vocales da Xunta Directiva para os próximos catro anos.

Desde Cetraa felicitaron a ATRA pola organización impecable do evento e pola súa labor continua en defensa do sector.

A xornada rematou cunha tradicional cea de confraternidade na que se recoñeceu a dedicación de Enrique Fontán e doutros membros destacados da asociación.





Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza N°2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

